

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2020/10	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DE LA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	27 de outubro de 2020
Duración	Dende as 13:00 ata as 13:45 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretario	Maria Fernanda Montero Parapar
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesus Taboada Lazara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ

Una vez verificada por el Secretario la válida constitución del órgano, el Presidente abre sesión, procediendo a la deliberación sobre los asuntos incluidos en el Orden del Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 15.10.2020****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 15 de

outubro de 2020.

Expediente 1477/2020. Contratacións: “PROYECTO RED DE CALOR “DISTRICT HEATING” CON BIOMASA EN SILLEDA (PONTEVEDRA). FASE II”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Expte. - 1302/2020. Aprobación “PROYECTO RED DE CALOR “DISTRICT HEATING” CON BIOMASA EN SILLEDA (PONTEVEDRA). FASE II”.

Visto o proxecto redactado polo Enxeñeiro Industrial, Ricardo González Santos, en xaneiro de 2020, denominado: “PROYECTO RED DE CALOR “DISTRICT HEATING” CON BIOMASA EN SILLEDA (PONTEVEDRA). FASE II”, por importe de 148.340,52 euros máis 31. 151,51 euros de IVE.

Visto que esta actuación está subvencionada polo Instituto para a Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE), por medio de Resolución pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda o Concello de Silleda, formulada no contexto do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezcan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE nº 144 de data 17 de xuño de 2017) modificado polo Real Decreto 1516/2018, de 28 de decembro (BOE nº 314, de 29 de decembro de 2018) e o Real Decreto 316/2019, de 26 de abril (BOE nº 130 de 30 de abril de 2019), expediente número FEDER-EELL-2019-003527. proxecto "Red de Calor District Heating con Biomasa en Silleda (Pontevedra Fase II", cunha inversión total de 195.706,65 €, e unha concesión de axuda por importe máximo de 156.565,32 €.

Vista a Providencia de Alcaldía de data 16 de outubro de 2020 na que se indica que por axilidade procedimental e co obxectivo de non perdela subvención concedida, ao estar en tramitación á autorización sectorial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, non podendo mentres tanto aprobarse o proxecto e incorporalo ao expediente de contratación, constatouse a necesidade de iniciar o procedemento de contratación de xeito paralelo ao procedemento de aprobación do proxecto, non aprobándose en ningún caso o expediente de contratación de conformidade co establecido no artigo 116 da LCSP ata a aprobación do proxecto de obra, que será incorporado ao expediente.

Non consta proxecto aprobado nin acta de replánteo previo debéndose incorporar a mesma antes da aprobación do presente expediente.

Vista a necesidade de iniciar o procedemento de contratación desta obra descrita no proxecto de execución.

Constando no expediente informe de secretaría nº 021 de 16 de outubro, e informe de Intervención de data 22/10/2020, sobre a inclusión da presente obra no proxecto de presuposto para o ano 2021.

Visto que o artigo 159 sinala que os órganos de contratación poderán acordar a utilización dun procedemento aberto simplificado nos contratos de obras, subministración e servizos cando se cumpran as dúas condicións seguintes: a) Que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 2.000.000 de euros no caso de contratos de obras, e no caso de contratos de subministración e de servizos, que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 100.000 euros.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade dos seus membros adopta o presente acordo:

Primeiro.- Que se inicie o procedemento de adxudicación do contrato de obras denominado “PROYECTO RED DE CALOR “DISTRICT HEATING” CON BIOMASA EN SILLEDA (PONTEVEDRA). FASE II”, por importe de 148.340,52 euros máis 31. 151,51 euros de IVE., polo procedemento aberto e tramitación anticipada do gasto, de conformidade co disposto na Disposición Adicional 3ª, por tratarse dun contrato cuxa execución material vaise iniciar no exercicio seguinte.

Segundo.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Terceiro.- Que por parte da Secretaría municipal se proceda a emitir informe xurídico preceptivo na aprobación do expediente de contratación, de conformidade co previsto no apartado 8 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cuarto.- Que por parte da Intervención deste Concello se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Quinto.- Que se incorpore ao expediente de contratación o proxecto de execución da obra, así como a acta de replánteo previo, e tódalas autorizacións sectoriais preceptivas, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación e á apertura do procedemento licitatorio.

Expediente 1278/2020. Seleccións de Personal e Provisións de Postos: BASES PARA A CONTRATACIÓN DE UN/UNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA SUBSTITUÍR Á PERSOA QUE OCUPA ESTE POSTO CON CARÁCTER INDEFINIDO E NON FIXO QUE SE ATOPA EN BAIXA POR ILT

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a necesidade e urxencia da selección de persoal para substituír a persoa que actualmente

ocupa o posto de auxiliar administrativo, en réxime de laboral temporal, no Departamento de Urbanismo, que se atopa en baixa por incapacidade laboral temporal.

Examinadas as Bases redactadas polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, en data 21 de outubro de 2020.

Logo de ver o informe número 23 /2020 emitido emitido pola Secretaría da Corporación con data de 22 de outubro, e o informe da Intervención Municipal de data 22/10/2020.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade dos seus membros adopta o presente acordo:

PRIMEIRO: Aprobar as BASES PARA A CONTRATACIÓN DE UN/UNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA SUBSTITUÍR Á PERSOA QUE OCUPA ESTE POSTO CON CARÁCTER INDEFINIDO E NON FIXO QUE SE ATOPA EN BAIXA POR ILT redactadas polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, co contido que se establece no Anexo I,

SEGUNDO: Convocar o presente proceso de selección podendo presentarse as correspondentes instancias para a participación no prazo de 05 días hábiles dende a publicación do presente anuncio no BOP e nas formas e lugares establecidos nas bases.

TERCEIRO: Publicar o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, e as bases íntegras no Taboleiro de Edictos e na sede electrónica do Concello de Silleda para a súa axeitada difusión, así como dar conta ao pleno na seguinte sesión que se celebre.

ANEXO I

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE UN/UNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA SUBSTITUÍR Á PERSOA QUE OCUPA ESTE POSTO CON CARÁCTER INDEFINIDO E NON FIXO QUE SE ATOPA EN BAIXA POR ILT

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

Constitúe o obxecto da convocatoria a provisión dunha praza de auxiliar administrativo/a en réxime laboral temporal, para substituír a persoa que actualmente ocupa este posto con carácter indefinido e non fixo, que se atopa en baixa por incapacidade laboral temporal.

A contratación é como persoal laboral temporal a xornada completa. A modalidade será de **contrato de interinidade por substitución** durante a situación de baixa do traballador que ocupa o posto. O contrato estará condicionado á situación de baixa do referido traballador.

A presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web do Concello de Silleda (www.silleda.es) e no Taboleiro de Anuncios do Concello, no que tamén se publicarán as bases correspondentes, e un extracto da mesma nun diario de máxima

difusión. En ditas publicacións especificarase o día, a hora e o lugar da selección. A data de inicio de presentación de proposicións será a da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA.-

Serán funcións a desempeñar polo/a contratado/a as previstas na vixente lexislación, así como as que lle poidan encomendar a Alcaldía e os concelleiros/as delegados/as que garden relación coa súa función principal: AUXILIAR ADMINISTRATIVO. GRUPO C. SUBGRUPO C2. Departamento de urbanismo.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-

Para ser admitido nas probas obxecto deste proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, que deberán cumprirse no último día de prazo da presentación de solicitudes e manterse no momento do seu posible nomeamento:

- 1.- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto a continuación:
 - Ostentar a nacionalidade dalgún dos estados membros da Unión Europea, ser nacional dalgún estado ao que, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados polo estado español, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores ou ser estranxeiro con residencia legal en España, a tenor do artigo 57 do TREBEP.
 - Tamén poderán participar o cónxuxe dos cidadáns españois e dos doutros membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre, así mesmo, que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.
- 2.- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- 3.- Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. Este requisito haberá de acreditalo quen supere as probas, antes do seu nomeamento. Debendo obter a cualificación de apto/a para o desempeño do posto de traballo.
- 4.- Non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional ou doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- 5.- Non concorrer ningunha outra causa de incapacidade para o acceso á condición de empregado público, nos termos marcados polas respectivas disposicións legais.

6.- Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Así mesmo, observarase o establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo.

Para ser admitidos e tomar parte no proceso selectivo, ademais das súas circunstancias persoais, as persoas solicitantes haberán de manifestar na instancia que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos, referidos sempre á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

A participación no proceso selectivo do aspirante implica que acepta integramente as presentes Bases polas que se rexerá a convocatoria.

CUARTA.- INSTANCIAS, ADMISIÓN DE ASPIRANTES, PUBLICIDADE E DATA DE REALIZACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS

As instancias para tomar parte na presente convocatoria deberán presentarse no Rexistro Xeneral do CONCELLO DE SILLEDA, en horario de atención ao público, na súa sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, ou por calquera das restantes formas que determina a Lei 39/2015, de 01 de outubro, e dirixiranse ao Sr. Alcalde Presidente do Excmo. CONCELLO DE SILLEDA, solicitando a súa admisión á mesma, con manifestación expresa de que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na Base Terceira e aceptan en todos os seus termos as presentes Bases.

En caso de non presentar a solicitude no Rexistro de Entrada de Documentos do CONCELLO DE SILLEDA ou a través da súa sede electrónica, deberá anunciarse a presentación por calquera outro medio no mesmo día en que se verifique, mediante remisión ao correo electrónico recursoshumanos@silleda.es da copia da instancia presentada. As solicitudes deberán axustarse ao modelo oficial que será facilitado polo Concello. (Achégase como Anexo II modelo de instancia).

A presentación de instancias deberá efectuarse durante un prazo de CINCO (5) DÍAS HÁBILES, a contar desde o seguinte ao da publicación, en extracto, destas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Así mesmo as presentes bases publicaranse, integramente no Taboleiro de Edictos e páxina web deste Concello.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, farase pública no Taboleiro de Edictos e páxina web deste Concello a lista provisional aprobada de persoas aspirantes admitidas e excluídas, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para presentar reclamacións ou emendar deficiencias. Emendadas ou non as deficiencias das solicitudes, e, examinadas no seu caso as reclamacións presentadas en prazo, resolverase definitivamente pola Alcaldía sobre todo iso, e farase pública a relación definitiva de admitidos e excluídos.

A convocatoria do inicio do proceso selectivo, a admisión e exclusión de aspirantes, a composición do Órgano de Selección e os sucesivos anuncios do Órgano de Selección que desenvolvan esta convocatoria ata finalizar o proceso de selección, publicaranse no Taboleiro de Edictos e páxina web do Concello.

Unha vez nomeada a composición do Tribunal, e si non se presenta recusación contra calquera dos seus membros, nese caso habería de resolverse de xeito expreso de conformidade co previsto na lei 39/2015, procederá a publicar nos medios establecidos o lugar, data e hora da realización das probas selectivas.

QUINTA.- DEREITOS DE EXAME

Non procede a aplicación de taxa ningunha

SEXTA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

No prazo estipulado para a presentación de instancias previsto na Base Cuarta, e acompañando a esta, os aspirantes deberán presentar copia dos seguintes documentos:

a) Fotocopia do D.N.I.

b) Xustificantes que consideren oportunos relativos á fase de concurso de méritos: experiencia profesional, certificacións de servizos previos prestados na Administración Pública, etc. Só se admitirán como válidos os méritos documentalmente xustificados e presentados xunto coa instancia.

c) Copia cotexada do CELGA 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para aqueles aspirantes que desexen ser exentos da realización da SEGUNDA proba da oposición de galego.

SÉTIMA.- COMPOSICIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

A composición do Órgano de Selección, publicarase no Taboleiro de Edictos e páxina web do CONCELLO DE SILLEDA e estará constituído da seguinte forma:

Presidenta: A Secretaria Xeral do Concello, Dona Fernanda Montero Parapar.

Tres vogais:

- 1 Leopoldo Moure Dopico, Interventor do Concello de Silleda
- 2 M^a Soledad Rey Asorey
- 3 Juan Carlos Peteiro Rodríguez

Secretario David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda

Todos os membros do órgano de selección teñen voz e voto, incluído o Secretario.

Todos eles deberán cumprir cos perfís de imparcialidade, profesionalidade e especialidade

inspiradores do Estatuto Básico do Empregado Público, e deberán absterse nos casos previstos na lei 39/2015. Así mesmo poderán ser recusados nos supostos regulados na mesma Lei.

O Órgano de Selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza da maioría dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría e as súas actuacións terán o carácter de órgano colexiado, levantándose acta de todas aquelas reunións que manteña.

O Tribunal poderá solicitar ser asistido por especialistas no desenvolvemento de determinadas probas, sen que en ningún caso teñan facultades de cualificación e resolución, senón só de colaboración e proposta. O seu nomeamento deberá facerse público.

OITAVA.- SISTEMA DE SELECCIÓN É PROCESO SELECTIVO

Farase a través do sistema de concurso oposición, porque é o máis adecuado para seleccionar ao profesional máis cualificado para o desempeño do posto, tanto no que se refire á experiencia en postos de similar contido, na Administración, como á súa formación relacionada coas funcións a desempeñar dende o inicio das mesmas no Concello.

As persoas aspirantes serán convocadas mediante anuncio exposto no Taboleiro de Edictos e páxina web da Corporación, para a realización das probas selectivas en chamamento único, sendo excluídos deste proceso quen así non comparecesen, salvo nos casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo órgano de selección.

O sistema de selección dos aspirantes será de **concurso-oposición**. A puntuación máxima alcanzable será de **20 puntos**.

A nota final do antedito CONCURSO-OPOSICIÓN obterase sumando a nota obtida na fase de oposición (A) mais a obtida na fase de concurso (B).

NOTA FINAL = A + B

A. FASE DE OPOSICIÓN. (Ata 12 puntos)

Esta fase constará de:

1.- Primeiro exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. O temario ou programa de materias que ha de rexer as probas desta fase é o que figura no Anexo III destas bases.

O exercicio: consistirá en contestar un cuestionario tipo test de VINTE (20) preguntas con respostas alternativas, sendo só unha a correcta, e cuxo contido estará relacionado coa totalidade do programa de materias que figura no Anexo III das presentes bases, mais tres preguntas de reserva, que serán tidas en conta no caso de que haxa que anular algunhas das preguntas.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de CORENTA (40) minutos. O exercicio

cualificarase de cero (0) a doce (12) puntos, sendo necesario obter un mínimo de seis (6) puntos para superalo.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados libremente polo Tribunal.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do Órgano de selección e os colaboradores designados por este.

O Tribunal, de contar cos medios oportunos, tratará de manter o anonimato dos aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

2. Segundo exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles que non estean exentos da súa realización: proba de avaliación do coñecemento da lingua galega.

Realizarase a continuación da proba de coñecementos, e consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba.

O exercicio terá unha duración máxima dunha TRINTA (30) minutos.

O exercicio valorarase como apto/a ou non apto/a e para superalo será necesario obter o resultado de apto/a.

As persoas aspirantes que estiveren en posesión do Celga 3 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo) estarán exentos da realización desta proba.

B. FASE DE CONCURSO. Ata 8 puntos

Nesta fase, voluntaria e non eliminatoria, valoraranse os méritos debidamente acreditados polas persoas aspirantes que seguidamente se indican e iso segundo o baremo que para cada caso detállase. A valoración dos méritos só realizarase unha vez celebrada a fase de oposición e respecto das persoas aspirantes que superasen dita fase. En ningún caso poderá aplicarse a puntuación obtida nesta fase para superar os exercicios da fase de oposición. Todos os méritos alegados deberán posuírse no momento da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Non se valorarán os méritos que, no seu caso, acreditáronse como requisito de acceso.

Valoraranse os seguintes méritos: EXPERIENCIA PROFESIONAL E CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN

B.1- Experiencia profesional:

A puntuación máxima posible para cada aspirante neste apartado será de 4 puntos.

- a) Por experiencia profesional na Administración Pública como auxiliar administrativo. 0,10 puntos por mes traballado.
- b) Por experiencia profesional na Administración Local, como auxiliar administrativo 0,15 puntos por mes traballada.

Non se computarán os períodos inferiores a un mes.

Acreditarase, obrigatoriamente, mediante fotocopia de Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se presentaron, así como con fotocopia do certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, igualmente obrigatorio, tal e como se recolle na base sexta.

Non se valorarán os méritos de servizos prestados si non se presenta a documentación anteriormente sinalada.

B.2- Cursos de especialización

Por estar en posesión de cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma ou da Administración local, Universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua), ata un máximo de 4 puntos, que se computarán do seguinte xeito:

- a) De máis de 120 horas duración: 0,75 puntos + 0,30 por cada 30 horas adicionais ata un máximo de 2 puntos por curso.
- b) De entre 100 e 120 horas de duración: 0,75 puntos por curso.
- c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,50 puntos por curso.
- d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,25 puntos por curso.
- e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

Os anteditos cursos acreditarase, obrigatoriamente, mediante fotocopia cotexada destes.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

NOVENA. DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DA FASE DE OPOSICIÓN.

9.1. A data, lugar e hora de celebración dos exercicios publicarase na Resolución pola que se aprobe a lista definitiva das persoas candidatas admitidas e excluídas, cunha antelación mínima de tres días hábiles.

9.2. Chamamentos.- Na data, lugar e hora que foron convocados os candidatos/as para a realización dos exercicio.

A orde de actuación iniciarase alfabeticamente pola primeira persoa aspirante da letra «S», segundo Resolución do 30 de xaneiro de 2020 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A non presentación dun candidato ou candidata ao exercicio, unha vez finalizado o chamamento, determinará automaticamente o decaemento dos seus dereitos para participar no exercicio, quedando excluído do procedemento selectivo

9.3. Identificación das persoas candidatas.- O Tribunal identificaráas o comezo do exercicio e poderá requirirlles, en calquera momento do proceso selectivo, para que se identifiquen debidamente, a cuxos efectos deberán asistir provistos do documento de identificación correspondente.

9.4. No desenvolvemento dos exercicios estableceranse para as persoas con discapacidade as adaptacións posibles e os axustes razoables necesarios de tempo e medios para a súa realización, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos restantes candidatos/as, sempre que estas fosen debidamente solicitadas.

9.5. A proba de avaliación do coñecemento de lingua galega, para aqueles que non estean exentos da súa realización, levarase a cabo unha vez finalizado o primeiro dos exercicios

DÉCIMA.- CUALIFICACIÓN DAS PROBAS E PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

O mesmo día da realización do primeiro exercicio da fase de oposición o Tribunal fará público o cadro coas respostas correctas mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda, na súa páxina web e na sede electrónica.

Os aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles a contar do día seguinte da publicación do cadro de respostas correctas, para a presentación de reclamacións.

Si o órgano de selección de oficio ou en base nas reclamacións presentadas, anulase algunha/s das preguntas incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no taboleiro de Anuncios do Concello, na súa páxina web e sede electrónica, xunto coa relación das persoas aspirantes coas puntuacións obtidas, determinando quen terá a consideración de apto ou non apto, sendo neste último caso eliminadas do proceso selectivo. Contra tal acordo poderá interpoñerse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 LPAC.

O Tribunal fará pública a relación das persoas aspirantes que superaron esta fase, pola orde de puntuación total obtida na mesma.

Posteriormente o Tribunal fará pública a relación de puntuacións obtidas na fase de concurso, con indicación expresa da cualificación obtida en cada un dos méritos obxecto de valoración.

Tralo prazo de solicitudes de revisión (3 días naturais) publicarase o resultado definitivo.

Concluídas ambas fases, o Tribunal fará público nos medios indicados o acordo definitivo sobre as cualificacións finais, que será a resultante de sumar á puntuación obtida na fase de oposición, a puntuación obtida na fase de concurso. No mesmo acordo designarase ao/a candidato/ha seleccionado/a, que será aquel/aquela que alcance a maior puntuación.

DÉCIMO PRIMEIRA.- SINATURA DE CONTRATO-

O/a seleccionado/a para o posto polo Tribunal, presentará no Rexistro do Concello, dentro do prazo que se estableza e a partir da publicación da lista de aprobados/as, os documentos acreditativos das condicións para tomar parte na convocatoria:

- a) Copia compulsada do DNI.
- b) Certificado médico orixinal acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións correspondentes ao posto que se optou.
- c) Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos órganos ou da administración sanitaria acreditativo da capacidade para o desempeño das tarefas correspondentes.

Se o/a seleccionado/a para o posto non presentase a citada documentación dentro do prazo concedido, salvo causas de forza maior xustificadas, non poderá ser nomeado/a para o posto, quedando anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incurrir por falsidade na solicitude. Nestes supostos ou no caso de renuncia por parte do/a candidato/as proposto/a que obtivera a máxima puntuación, poderá nomearse aos seguintes por orde de puntuación entre os candidatos/as.

Así mesmo os/as aspirantes non seleccionados poderán entrar nunha bolsa de traballo –pola orde da súa puntuación- para posibles substitucións e ata a alta da persoa substituída. Unha vez comprobado que o/as aspirante proposto/a presentou a documentación esixida, o Sr. Alcalde-Presidente, resolverá o proceso selectivo e procederase á formalización do contrato laboral, conforme ao previsto na vixente lexislación. Incorporarase ao seu posto de traballo no prazo de dous días logo da formalización do contrato laboral. Quen resulte nomeado/a para

ocupar o posto quedará sometido/a ao réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente.

DUODÉCIMA.- FORMACIÓN DA BOLSA

